



**EIRAS**

Chamouse antigamente esta parroquia Axepra; esta voz jepra era nome de certo pedido á contribución que adoitaban pagar os pobos aos seus señores, como se pode ver adiante no documento que daremos ao público no tratado do lugar de San Xían sito no Rosal. E do referido nome de Axepra derivou ao de Eyras que hoxe conserva pola supresión das dúas primeiras letras Ax. No ano de 1198 o 10 de Marzo fernán Gómez fixo doazón ao Mosteiro de Oia entre outras cousas de todo canto tiña e lle pertencía na Igrexa de Sn. Bartolomeu de Axeyras que así o expresa. Despois, en 28 de Xuño de 1331, o motivado Mosteiro permutou esta Igrexa e outras que eran do seu padroado co Rdo. Bispo de Tui Dn. Rodrigo Ibáñez pola de Sn. Mamede de Pedornes. Venera por Patrón tutelar ao Apóstolo Sn. Bartolomeu, a quen lle fan festa o 24 de Agosto. Habitana 75 veciños, que pertencen polo contencioso político e gubernativo á Xustiza da Vila da Guarda. Importan os seus décimos 11.768 reais, dos que leva o Párroco 3 cuartas partes, e a outra cuarta percibía antes o sen cura de Tabagón, e agora o Abade de Sn. Xoán de idem: o primeiro ten casa reitoral é igrexario de  $3\frac{1}{4}$  ferrados de pan en semente: ademais percibe de renda anual  $131\frac{1}{12}$  ferrados de centeo  $26\frac{1}{4}$  de miúdo,  $116\frac{1}{4}$  de millo, 114 reais e 19 marabedís. Paga á Mitra con 15 reais de cera Bragal. Este Beneficio é de presentación Real e Ordinaria. Ten Capela de Sta. Maria Magdalena no cumio dun elevado pináculo que está no medio da parroquia. Confina co Miño. Dista da capital 3 leguas." (Ávila y La Cueva, 519-520).





## Igrexa

A primitiva igrexa estaba preto do Miño, e tivo que ser trasladada a este lugar debido ás continuas enchentes do río.

A actual foi edificada no ano 1791, e pola súa proximidade con Portugal, asume con sinxeleza un estilo manuelino tardío que estaba de moda nese momento no país veciño, dándolle moita importancia a algúns detalles construtivos representativos e simbólicos propios do mesmo.

De feito, os mestres construtores da mesma dos que temos noticia son veciños de Portugal e de A Guarda. A obra foi encomendada a Xoán da Lomba, de A Guarda, que a comeza en 1786, pero rematouna Xosé Fernández, veciño de Gondarem. Nela tamén traballaba Xoán Manuel Benítez, de A Guarda. A el e a Ramón Melón contrátanlle en 1792 a obra da torre en 1.800 reais. O remate da mesma, xunto coa edificación da sancristía e o adorno do adro, contrátase con Xosé Manuel Pallón, veciño de Lanhelas.

Presenta unha soa nave rectangular cunha torre adosada no extremo noroeste e unha pequena capela adicada ás Ánimas no lado sur. Con posterioridade engadíuselle a sancristía no muro leste, detrás do paramento que ocupa o retablo maior.

**A fachada (63)**, no oeste, seguindo o estilo manuelino, ten unha orixinalidade vigorosa que destaca pola súa forza e ao mesmo tempo a delicadeza do traballo feito nalgúns dos seus elementos estruturais. Por un lado presenta a estrutura do edificio libre de ornamentacións innecesarias, con paramentos espidos, e concentrando a decoración na porta e no ventanal.

No eixe central dela, a porta, de arco rebaixado, queda enmarcada por dúas pilastras con basa e capitel sinxelo no que se apoia a cornixa de un frontis triangular formado por dúas volutas que se cerran na venera central. Na cornixa, unha cartela mostra o ano da súa inauguración.

Mesmo enriba dela un gran ventanal, moldurado e tamén rematado noutra venera, ten a vidreira coa imaxe do patrón.

Toda a fachada esta enmarcada por dúas pilastras extremas, semellantes ás da porta; fan de apoio a unha moldura que a percorre enteiramente continuando na torre lateral á que divide como se tivera dous corpos. Dúas volutas ascenden e fan de apoio a unha cornixa que fai o mesmo debuxo que a ventá, pero sen venera, e remata en cruz pétreo. Na pilastra do lado sur remátase cun pináculo vistoso e distinto dos outros.





A torre, de base cadrada, ten pilastras laterais, semellantes ás da portada, na que apoia a moldura de división. Remata en campanario de catro ocos de arco semicircular apoiados nos moldurados de pilastras, e balaustrada de pedra. Por riba del, unha cornixa curva fai de base a outra balaustrada pétreo, tamén en curva, e nas esquinas con pináculos cónicos típicos do estilo manuelino.

Cérrase o campanario cunha **frecha de cubrición** (65) en sillería a modo de pirâmide hexagonal rematada nunha alcachofa (que se usa coma símbolo de rexeneración = resurrección) onde se apoia a esfera armilar (esfera dos matemáticos, símbolo de Manuel I de Portugal e representa a “Esperanza do Mundo”), e de remate a veleta e a Cruz da Orde de Cristo.





A nave rectangular ten cuberta a dúas augas. A capela maior, a catro augas e con pináculos nas esquinas e no remate do cumio. A sancristía engadida no leste, máis baixa e estreita, ten a cuberta a tres augas.

O interior (66) presenta as paredes espidas, seguindo o estilo que comentamos, con pilastras adosadas como soporte para os arcos pétreos de apoio da bóveda, de medio canón. Unha cornixa pétreo percorre toda a nave. As paredes, na actualidade, mostran a pedra, que foi pensada para estar recuberta e caleada como o está a bóveda, quedando en pedra a cornixa, as pilastras e os arcos.

O último tramo da nave, que se une coa capela maior, ten bóveda de pedra con cruzaña.

A capela maior cóbrese tamén en pedra con bóveda de canón.

O paramento cóbrese totalmente co Retablo maior, de gran sinxeleza. Ten tres rúas. A central nace nun sotobanco avanzado no que se apoian as catro columnas corintias, dúas a cada lado, que sustentan o entablamento superior. Tres chanzos na pseudo-fornela sosteñen a Cruz con Cristo morto (67). No primeiro chanzo está colocado o Sagrario.

As rúas laterais teñen as portas de acceso á sancristiá. Enriba delas, sendas peañas, coa imaxe do patrón S. Bartolomeu (68) á dereita e S. Xosé (69) na esquerda. Adórnase cun remate de teas.

Un amplo entablamento separa o ático, que se amolda á curva da bóveda. Sobre a parte saínte que apoian as columnas adórnase con xarróns. No centro, a representación da Gloria, co Espírito Santo. E remátase noutro amplo semicírculo con cuarteiróns e floróns.

O autor deste retablo foi Domingo Francisco Valle, veciño de Santiago de Sopo en Vilanova da Cerveira. En 1820 propón facer outro similar para a parroquia de S. Pedro de Arantei no prezo en que tiña este axustado: 6.500 reais.

Na capela lateral ten o **retablo da Virxe das Dores** (70-71), cunha curiosa representación das **Ánimas do Purgatorio** (73) en relevo, na que está Cristo Resucitado no centro e, a cada un dos lados, S. Domingo e S. Francisco, que cos seus cintos rescatan as ánimas.



## Capela de Sta. María Magdalena (74)

No Monterreal.

É unha pequena capela con nave rectangular.

As paredes, apoiadas na rocha do monte, son de pedra. Tiveron que ser reforzadas por uns contrafortes de cemento polo perigo de desmoronamento. A cuberta é a dúas augas.

Os paramentos remátanse con capias e pináculos nos esquinais.

Ten campanil cunha pequena campá.

O interior ten o piso de pedra e bóveda curva de canón caleada. Conserva un pequeno retablo.

### FESTAS E ROMAXES DE EIRAS

- S. Bartolomeu: 24 de agosto
- A Magdalena: 22 de xullo
- S. Ramón: 31 de agosto

